

Unidades Externas de Xestión da I+D+i

Anexos

carne / horta e flor / leite / pensos / vitivinícola /

HF



C

V



P

L

Índice

1	GLOSARIO DE TERMOS	3
2	PROPOSTA DE POSIBLES OBXECTIVOS OU LIÑAS ESTRATÉXICAS DO SISTEMA DE XESTIÓN DE I+D+i.....	6
3	PROPOSTA DE CADRO DE MANDO DE INNOVACIÓN	8
4	PROPOSTA DE PLANTILLA PARA A FERRAMENTA DE VIXILANCIA	10
5	FORMULARIO DE CONTACTO COA UNIDADE DE XESTIÓN DE I+D+i de AGACA	11
6	A BUSCA DE SOCIOS.....	15
7	PROPOSTA DE FERRAMENTA DE SELECCIÓN DE IDEAS DE I+D+i.	16
8	DIRECTORIO DE GRUPOS DE INVESTIGACIÓN CON EXPERIENCIA NO SECTOR AGROALIMENTARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO	19
8.1	Universidade de Vigo.....	19
8.2	Universidade de Santiago de Compostela	43
8.3	Universidade da Coruña	67
9	CENTROS DE INVESTIGACIÓN DE APOIO Á I+D+i AGROALIMENTARIA	72
9.1	Centros de investigación directamente relacionados co sector	72
9.2	Centros de investigación transversais ao sector	84
10	FONTES DE FINANCIAMENTO.....	89
10.1	Plan Galego de I+D+i: INCITE.....	89
10.2	Plan Nacional de I+D+i	94
10.3	Liñas do Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI)	98
10.4	VII Programa Cadro.....	102
10.5	Programas EKA e bilaterais.....	105
10.6	Programa CIP.....	109
10.7	Outros programas e ferramentas de apoio	111
11	PROPOSTA DE CONTIDOS DA MEMORIA DO PROXECTO DE I+D+i.	112
12	POSIBLES PUNTOS A INCLUIR NUN ACORDO DE CONSORCIO PARA UN PROXECTO DE I+D+i EN COLABORACIÓN	123
13	LISTAXE ORIENTATIVA DOS CONTIDOS DOS DISTINTOS DOCUMENTOS PARA PECHAR O ACORDO DO CONSORCIO (Check List).....	126
14	PROPOSTA DE FACTORES CRÍTICOS PARA DESENVOLVER UNHA ANÁLISE DE BENCHMARKING.....	128

1 GLOSARIO DE TERMOS

Acción correctiva: aquela tomada para eliminar as causas dunha non conformidade, defecto ou de calquera outra situación indesexable existente, para impedir a súa repetición.

Acción preventiva: aquela tomada para eliminar as causas dunha non conformidade potencial, dun defecto ou calquear outra situación non desexable, para previr que se produza.

Actividade: é a suma de tarefas, normalmente se agrupan nun procedemento para facilitar a súa xestión. A secuencia ordenada de actividades da como resultado un subproceso ou un proceso. Normalmente se desenvolve nun departamento ou función.

Benchmarking: proceso de avaliación de produtos ou servizos, formas de operación e métodos da organización con relación aos dos seus competidores ou aos das organizacións líderes no seu campo.

Carteira de proxectos: é o conxunto de proxectos que unha organización xera, executa e administra simultaneamente nun momento dado.

Desenvolvemento: segundo o artigo 35 do Real Decreto Legislativo 4/2004, é a aplicación dos resultados da investigación ou de calquera outro coñecemento científico para a fabricación de novos materiais ou produtos ou para o deseño de novos procesos ou sistemas de produción, así como para a mellora tecnolóxica substancial de materiais, produtos, procesos ou sistemas preexistentes.

Indicador: dato ou conxunto de datos que axudan a medir obxectivamente a evolución dun proceso ou dunha actividade.

Innovación tecnolóxica: segundo o artigo 35 do Real Decreto Legislativo 4/2004, se considera a actividade cuxo resultado sexa un avance tecnolóxico na obtención de novos produtos ou procesos de produción ou melloras substanciais dos xa existentes.

Investigación aplicada: segundo o artigo 35 do Real Decreto Legislativo 4/2004 é aquela que ademais de ter como obxectivo o incremento do coñecemento, busca uns resultados para os que posteriormente se desenvolverá unha aplicación práctica.

Investigación básica: segundo o artigo 35 do Real Decreto Legislativo 4/2004 é aquela cuxa finalidade se ciñe ao incremento do coñecemento, sen ter como obxectivo a aplicación específica do resultado.

Investigación: segundo o artigo 35 do Real Decreto Legislativo 4/2004, se define como a indagación orixinal e planificada que persiga descubrir novos coñecementos e unha superior comprensión no ámbito científico e tecnolóxico.

Procedemento: forma específica de levar a cabo unha actividade. En moitos casos os procedementos se expresan en documentos que conteñen o obxecto e o campo de

aplicación dunha actividade; que debe facerse e quen debe facelo; cando, onde e como se debe levar a cabo; que materiais, equipos e documentos deben utilizarse; e como debe controlarse e rexistrarse.

Proceso: conxunto de recursos e actividades interrelacionados que transforman elementos de entrada en elementos de saída. Os recursos poden incluír persoal, finanzas, instalacións, equipos, técnicas e métodos.

Propiedade industrial e intelectual: é o conxunto de dereitos de carácter exclusivo que otorga o Estado por un tempo determinado ás persoas físicas ou morais que realizaron creacións intelectuais, en particular invencións tecnolóxicas e obras literarias ou artísticas. Comprende dous ramas: a propiedade industrial (protección legal de invencións, marcas, debuxos, modelos industriais, segredos industriais), e o dereito de autor (protección legal de obras literarias, musicais, artísticas, fotografías e audiovisuais).

Proxecto: adoita ser unha serie de actividades encamiñadas á consecución dun obxectivo, cun principio e final claramente definidos. A diferenza fundamental cos procesos e procedementos estriba na non repetitividade dos proxectos.

Sistema: estrutura organizativa, procedementos, procesos e recursos necesarios para implantar de forma sistemática unha xestión determinada, como por exemplo a xestión da calidade, a xestión do medio ambiente, a xestión da I+D+i ou a xestión da prevención de riscos laborais. Normalmente están baseados nunha norma de recoñecemento internacional que ten como finalidade servir de ferramenta de xestión no aseguramento dos procesos.

Sistema de I+D+i: parte do sistema xeral de xestión que inclúe a estrutura organizativa, a planificación das actividades, as responsabilidades, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos para desenvolver, implantar, levar a efecto, revisar e manter ao día a política de I+D+i da organización.

Transferencia de tecnoloxía: é o fluxo ordeado e sistemático de tecnoloxías dunha organización a outra., e normalmente é resultado dun acordo comercial, polo cal se efectúa unha remuneración económica.

Unidade de I+D+i: persoa ou persoas da organización designadas pola alta dirección con dedicación parcial ou completa que dispoñen dos medios necesarios para procurar a obtención de coñecementos científicos e tecnolóxicos útiles para a organización, desenvolver novas tecnoloxías ou mellora das actuais e aplicar os novos desenvolvementos tecnolóxicos aos produtos ou procesos.

Unidade de xestión de I+D+i: persoa ou persoas da organización, designadas pola alta dirección, con dedicación parcial ou completa, que dispoñen dos medios necesarios para xestionar a carteira de proxectos de I+D+i, a transferencia de tecnoloxía, a protección e explotación dos resultados e realizar a medición, análise e mellora dos resultados.

Vixilancia tecnolóxica: forma organizada, selectiva e permanente, de captar información do exterior sobre tecnoloxía, analízala e convertela en coñecemento para tomar decisións con menor risco e poder anticiparse aos cambios.

BORRADOR

2 PROPOSTA DE POSIBLES OBXECTIVOS OU LIÑAS ESTRATÉXICAS DO SISTEMA DE XESTIÓN DE I+D+i

Algunhas posibles liñas estratéxicas son:

- Ser líderes no desenvolvemento de novos sistemas de...
- Estar permanentemente alerta sobre as innovacións tecnolóxicas que se produzan no entorno da organización.
- Xerar patentes propias.
- Ser un referente na transferencia tecnolóxica cara o sector de...
- Buscar novas aplicacións aos produtos actuais mediante evolucións tecnolóxicas dos mesmos.
- Potenciar a formación e motivación dos grupos de traballo.
- Levar a cabo proxectos de I+D na vangarda do estado da arte.
- Establecer alianzas tecnolóxicas con centros nacionais e internacionais de referencia.
- Participar de xeito activo en redes de excelencia científica.
- Promover a cultura do rigor e un clima xerador de coñecemento científico e tecnolóxico.
- Incentivar a motivación, a creatividade e a formación dos traballadores.
- Promover a existencia de ideas innovadoras que dean lugar a proxectos susceptibles de xerar valor engadido.
- Descentralizar o proceso de innovación e involucrar a colaboradores.

Por outra banda, os obxectivos de I+D+i son, por exemplo:

- Investir, alomenos, un XX% do presuposto de innovación na realización de proxectos de I+D.
- Ampliar a base de personas capaces de formular proxectos de I+D+i, configurando un grupo de alomenos 10 técnicos.
- Solicitar un modelo de utilidade ou patente en 2011.
- Impulsar o proceso de creatividade aplicado ao deseño industrial (ampliando a base de ideas innovadoras e fatibles ata o 50% do total).
- Poner en marcha alomenos 2 proxectos de I+D+i en 2 anos.

Metodoloxía para a creación de Unidades Externas de Xestión da I+D+i

- Firmar alomenos un convenio de I+D+i cun centro tecnolóxico da comunidade autónoma.
- Lanzar 2 novos produtos/servizos nos próximos 3 anos.
- Lograr unha cuota de mercado superior ao 5% nun novo nicho de mercado a determinar.

BORRADOR

3 PROPOSTA DE CADRO DE MANDO DE INNOVACIÓN

O Indicador é un dato ou conxunto de datos que axudan a medir obxectivamente a evolución dun proceso ou dunha actividade, e de xeito extensivo, á organización.

Se propoñen a continuación algúns exemplos de indicadores de proceso relacionados coa innovación.

Previsión e Vixilancia Tecnolóxica

- N° de consultas á Unidade de Xestión de I+D+i
- N° de fontes consultadas no proceso de Vixilancia Tecnolóxica
- Tempo de duración dos estudos

Análise Interna e Externa

- N° estudos realizados
- N° Análises de produtos e servizos

Creatividade e motivación

- N° ideas presentadas á unidade de I+D+i desde persoal da propia empresa
- % Ideas presentadas que pasan a proxecto
- % de ideas presentadas que corresponden a novos conceptos
- % de ideas presentadas que correspondan a simples melloras
- N° solucións creativas a problemas presentadas en Revisións de Deseño
- Número de suxestións realizadas polo persoal
- Número de suxestións potas en práctica
- Índice de absentismo do persoal
- % de empregados participantes en reunións de deenvolvemento e mellora

Control de Carteira de Proxectos

- Propostas de proxectos de I+D+i presentadas a convocatorias públicas de proxectos
- N° Subvencións solicitadas paa proxectos de I+D+i
- Proxectos de I+D+i levados a cabo en cooperación
- Horas/home dedicadas a proxectos de I+D+i con respecto a horas totais
- % total subvencións conseguidas / % subvencionable en I+D+i
- Total subvencións conseguidas / Presupuesto dos proxectos de I+D+i

Control do Proxecto

- N° de desviacións en tempo
- Tempo de desenvolvemento real vs. tempo planificado
- Tempo medio de retraso no desenvolvemento dos proxectos de I+D+i
- N° de desviacións en custos
- Importe medio da desviación en custo dos proxectos de I+D+i

Protección, explotación e transferencia de resultados

- N° Patentes rexistradas
- N° Patentes solicitadas
- N° de licenzas de explotación firmadas
- % da cuota de vendas do último ano correspondente a novos produtos
- % de deducións fiscais por I+D+i
- Taxa de crecemento das vendas e novos produtos
- Impacto das vendas dos novos produtos/servizos na conta de resultados da empresa

4 PROPOSTA DE PLANTILLA PARA A FERRAMENTA DE VIXILANCIA

		Factores críticos de vixilancia	Asepectos a vixilar	Fontes de consulta	Periodicidade	Responsable	Destinatarios
VIXILANCIA TECNOLÓXICA (Carteira de tecnoloxías)	1						
	2						
	3						
	4						
	5						
VIXILANCIA COMERCIAL (Carteira de produtos/mercados obxectivo)	1						
	2						
	3						
	4						
	5						
VIXILANCIA COMPETITIVA (Competidores)	1						
	2						
	3						
	4						
	5						
VIXILANCIA SOCIO- ECONÓMICA (Evolución normativa e aspectos socio- económicos)	1						
	2						
	3						
	4						
	5						

5 FORMULARIO DE CONTACTO COA UNIDADE DE XESTIÓN DE I+D+i de AGACA

Descrición da empresa solicitante de colaboración (descrición anónima e concisa da empresa, prestando especial atención a aqueles aspectos que puideran atraer a atención dos posibles socios.

Máximo 100 caracteres

Persoa responsable da solicitude de colaboración (que debера ser o responsable do proxecto na empresa)

Datos de contacto da empresa:

Nome da empresa

Enderezo

C.P.

Localidade

Teléfono

Fax

e-mail

WWW

Identificar o título da solicitude de colaboración.

É convinte escribir un título atractivo para conseguir chamar a atención dos posibles socios

Máximo 100 caracteres

Resumen da solicitude de colaboración: explicar de forma concisa cal é o propósito da solicitude ou que se pretende resolver.

É convinte escribir un resume atractivo para conseguir chamar a atención dos posibles socios.

Máximo 500 caracteres

Descrición da proposta de colaboración, de xeito non confidencial.

Esta descrición debería aportar a información necesaria para que os posibles socios podan contestar cunha boa proposta de solución. Para iso debe ser redactada con claridade. Establecer requisitos específicos pode ser de gran axuda, así como explicar posibles solucións que se pense que poden ser ou non ser axeitadas.

Máximo 10.000 caracteres

Información adicional que poda ser útil para a ofrecer unha idea máis clara do que se pretende desenvolver e que permita a outros axentes preparar a proposta de colaboración.

Permite subir algún documento que poda aportar luz sobre a idea de proxecto da empresa (documento de presentación, borrador de proposta, artigo relacionado, patente relacionada, etc.)

Límite 5 Mb

Palabras clave que facilitan a identificación da solicitude. É importante que sexan descritivas do seu contido para que así os posible socios podan identificala claramente.

Separar as palabras clave con comas. Poden escribirse ata 5.

Sector industrial directamente relacionado coa solicitude de colaboración

Se poden riscar todos aqueles que se consideren necesarios para establecer colaboracións dentro deste proxecto

Biotecnoloxía	Electrónica	
Materiais	Medio ambiente	
Química	Saúde	
Telecomunicacións	Farmacéutica	
Energía	Software	
Transporte	Auga	
Gandeiría	Vitivinícola	
Lácteo	Cárnico	
Hortofrutícola	Alimentación animal	

Data límite para a recepción da oferta de colaboración por parte de posibles socios

(DD/MM/AAAA)

Elixir as áreas de coñecemento onde encadrar a solicitude de colaboración da empresa

Ciencias da vida	
TIC	
Química	
Ciencias físicas	
Enxeñería e ciencias tecnolóxicas	

6 A BUSCA DE SOCIOS

A presentación dunha proposta require, en primeiro lugar, definir con que tipo de socios imos traballar e, a continuación, a procura dos mesmos. Estes perfís, xunto co resumo do proxecto, resultarán claves para a formación do consorcio. Así mesmo, unha vez identificados posibles socios do proxecto, haberá que analizar a súa idoneidade para participar no mesmo, a súa dispoñibilidade de recursos e o seu grao de compromiso co proxecto.

Ademais, hai que ter en conta que a participación de todos os socios do proxecto, así como o seu peso, distribución xeográfica e orzamento, debe estar xustificada e debe ser necesaria para o desenvolvemento do mesmo.

A continuación ofrécense unha serie de consellos para colaborar cun grupo de investigación dun Organismo Público de Investigación:

- O núcleo do traballo asignado ao grupo de investigación público debe corresponder á actividade investigadora de máis alto nivel (ou sexa, dentro da primeira “I” de “I+D+i”, que é a máis alonxada do mercado, con risco técnico alto e prazos de execución relaxados).
- Conciliar os intereses da empresa e do grupo, por exemplo o reparto e asignación dos dereitos de propiedade intelectual ou o momento máis adecuado para que os investigadores podan publicar os seus resultados.
- Postura estratéxica a longo prazo, admitindo que a colaboración ten custos de arranque importantes.
- A colaboración debe basearse no interese da acción *per se*. É un error construír colaboracións co único interese e obxectivo de capturar subvencións de I+D+i.
- Comunicación continua e fluída entre ambas partes, a todos os niveis.
- A empresa debe facer ao grupo de investigación participe dos seus éxitos, sen ocultar ou minimizar o papel xogado por este.
- É importante que os membros do grupo de investigación vexan ligada a súa retribución directamente á colaboración. Cando os fondos aportados pola empresa (...) se dilúen nun fondo xeral do que despois se retribúe aos investigadores, estes se senten menos comprometidos co proxecto concreto.
- É necesaria, sobre todo por parte da empresa, unha certa tolerancia ao fracaso, porque para lograr innovacións de ruptura hai que admitir que as accións de I+D+i poden concluír sen éxito.

7 PROPOSTA DE FERRAMENTA DE SELECCIÓN DE IDEAS DE I+D+I.

A avaliación dos proxectos está estruturada sobre a base de diferentes criterios e subcriterios, explicitados máis adiante, que deben aplicarse da seguinte forma:

1. O avaliador asignará a cada subcriterio unha puntuación de 1, 3 ou 5, sendo 5 o óptimo. Para cada subcriterio, o avaliador pode xustificar a puntuación outorgada cun breve comentario.
2. Cada criterio consegue a suma da puntuación de todos os subcriterios contidos nel.
3. Os proxectos deberán lograr unha puntuación mínima en cada criterio para ser elixibles, segundo se indica na táboa seguinte.
4. As puntuacións para os diferentes criterios serán recollidas nun cadro resumen e se lles aplican os coeficientes de ponderación indicados na táboa seguinte, para obter a puntuación final do proxecto.

Por exemplo:

Criterios	Puntuación mínima	Ponderación
Factores técnicos do proxecto	12	4
Factores financeiros	7	2
Factores estratéxicos	9	3
Resultados	6	2,5

5. Ademais, a puntuación ten que ser superior a un umbral mínimo para que o proxecto sexa elixible (neste caso, 34).
6. A Unidade de Xestión da I+D+i resumirá a súa opinión global sobre o proxecto en non máis de media folla, a modo de informe do mesmo.

A continuación se propón un modelo de selección de proxectos.

		Puntuación
A.- FACTORES TÉCNICOS DO PROXECTO		
<i>A.1.- VIABILIDADE TÉCNICA DO PROXECTO</i>		
1	A idea parece factible pero non está comprobada	1
2	Parte da viabilidade da idea está comprobada xa e se dispón de coñecementos básicos completos e/ou se está a desenvolver a escala piloto	3
3	A viabilidade da idea está plenamente comprobada	5
<i>A.2. COÑECEMENTO DA TECNOLOXÍA</i>		
1	É necesario desenvolver os coñecementos máis importantes ou non se coñece colaborador externo axeitado	1
2	É necesario afondar aspectos secundarios ou existe posibilidade de colaboración externa	3
3	Xa se realizaron proxectos similares e/ou se coñecen colaboradores estables	5
<i>A.3. NIVEL DE RISCO ASOCIADO AO PROXECTO</i>		
1	O risco asociado ao proxecto é elevado por tratarse de actividades moi próximas á investigación básica, polo elevado presuposto do mesmo ou pola incerteza relativa a súa aplicabilidade industrial.	1
2	O risco asociado ao proxecto é medio, por tratarse dun presuposto non demasiado elevado para a dimensión da organización, ser actividades de investigación aplicada ou ter xa certas probabilidades de aplicación.	3
3	O risco asociado ao proxecto é baixo, por tratarse de actividades de desenvolvemento, con resultados de clara aplicabilidade industrial ou polo reducido presuposto do mesmo.	5
<i>A.4. TIPOLOXÍA DE PROXECTO</i>		
1	Se trata dun proxecto de investigación básica ou aplicada	1
2	Se trata dun proxecto de desenvolvemento	3
3	Se trata dun proxecto de innovación, adquisición de tecnoloxía ou ampliación de infraestruturas.	5
<i>A.4. HORIZONTE TEMPORAL PARA A EXPLOTACIÓN COMERCIAL DOS RESULTADOS</i>		
1	O novo produto/servizo xurdido do proxecto saldría ao mercado nun prazo superior a 4 anos.	1
2	O novo produto/servizo xurdido do proxecto saldría ao mercado nun prazo de entre 2 e 4 anos.	3
3	O novo produto/servizo xurdido do proxecto saldría ao mercado nun prazo inferior a 4 anos.	5
B FACTORES FINANCIEROS		
<i>B.1. CAPACIDADE DE AUTOFINANCIAMENTO</i>		
1	O proxecto non pode ser asumido pola empresa sen financiamento externo	1
2	É un proxecto autofinanciable na súa maioría con un tope máximo	3
3	O proxecto pode ser totalmente autofinanciado pola empresa	5
<i>B.2 POSIBILIDADE DE FINANCIAMENTO EXTERNO</i>		
1	Sen posibilidade de subvención ou contrato externo	1
2	Subvención incerta	3

3	Dispoñibilidade de subvención como proxecto de I+D e/ou contrato externo	5
C. FACTORES ESTRATÉGICOS		
<i>C.1 ALIÑAMENTO COS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS</i>		
1	O proxecto non está aliñado coas directrices estratéxicas da empresa	1
2	Existe certa coincidencia entre os obxectivos estratéxicos da empresa e os obxectivos plantexados no proxecto, e o bo fin do proxecto debería levar á empresa a alcanzar algúns destes	3
3	Os obxectivos do proxecto son coherentes cos obxectivos estratéxicos da empresa e os resultados previstos do mesmo facilitarán a consecución dos mesmos	5
<i>C.2 ALIÑAMENTO COA ESTRATEXIA COMPETITIVA DA EMPRESA</i>		
1	O proxecto supón unha ruptura coa estratexia competitiva seguida ata o momento pola organización	1
2	O desenvolvemento do proxecto e a consecución dos seus resultados esperados supoñen un xiro progresivo da estratexia competitiva seguida pola empresa ata agora cara ás novas tendencias que se preciben.	3
3	Os resultados esperados do proxecto están na liña competitiva estratéxica seguida pola organización hasta o momento (diferenciación de produto, competencia en custos, liderado de mercado, lidar en servizo ao cliente, etc.)	5
<i>C3. FACTIBILIDADE DE COMERCIALIZACIÓN</i>		
1	O mercado non manifesta aínda a necesidade por este produto/servizo	1
2	Outras tentativas nesta liña gozaron de aceptación por parte do mercado	3
3	Existe unha necesidade clara no mercado por este produto/servizo o que parece garantir a súa aceptación	5
<i>C.4 ASPECTOS LEGAIS E NORMATIVOS</i>		
1	Está previsto que longo prazo se introduzan modificacións de de tipo normativo que afecten aos produtos/servizos obxecto do proxecto	1
2	Está previsto que medio prazo se introduzan modificacións de de tipo normativo que afecten aos produtos/servizos obxecto do proxecto	3
3	Está previsto que curto prazo se introduzan modificacións de de tipo normativo que afecten aos produtos/servizos obxecto do proxecto	5

8 DIRECTORIO DE GRUPOS DE INVESTIGACIÓN CON EXPERIENCIA NO SECTOR AGROALIMENTARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

A continuación amósase os grupos de investigación do sistema universitario galego que traballan en liñas de investigación próximas ás liñas de actividade das cooperativas integradas en AGACA, no que se especifican as liñas de traballo do grupo, os servizos ofertados ás empresas e algúns exemplos de proxectos de investigación realizados ata o momento:

8.1 Universidade de Vigo

Nome: EQUIPO DE BACTERIOLOXÍA (MB1)	
Contacto Teresa Pérez Nieto Tlfo: 986 812 398 Fax: 986 812 556 E-mail: mtperez@uvigo.es Centro: Facultade de Ciencias do Mar	Investigadores Teresa Pérez Nieto Rosa Farto Seguí Estela Pérez Lago Noelia González Fernández
Liñas de investigación <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de novos métodos de diagnóstico bacteriano. - Avaliación de novas metodoloxías para o seguimento de microorganismos indicadores, sensibilidade, reproducibilidade e carácter discriminatorio. - Selección de microorganismos autóctonos con aplicacións na industria alimentaria. - Valoración de microorganismos probióticos e seguimento dos mesmos. - Bacterioloxía de augas e alimentos. - Control de calidade microbiolóxica. - Tratamento de residuos e seguimento da diversidade microbiana. - Elaboración de manuais de puntos críticos. - Control de microorganismos indicadores. 	
Proxectos de investigación realizados nos últimos anos Título: Perfil xenómico comparativo de factores de virulencia en cepas de <i>Aeromonas salmonicida</i> . Período de duración: dende 2006 ata 2009 Fonte de financiamento: Xunta de Galicia.	
PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS <ul style="list-style-type: none"> - Análise microbiolóxico de distintos produtos alimenticios. - Análise de fermentos e fungos. 	
Nome: EQUIPO DE MICROBIOLOXÍA INDUSTRIAL E BIOTECNOLOXÍA MICROBIANA (MB3)	
Contacto Carmen Sieiro Vázquez Tlfo: 986 812 639 Fax: 986 812 556 E-mail: mcsieiro@uvigo.es Centro: Facultade de Bioloxía	Investigadores Carmen Sieiro Vázquez Ana Belén Fernández Sestelo Beatriz Herrero Maeso Abigail Fernández da Silva
Liñas de investigación <ul style="list-style-type: none"> - Illamento e identificación (bioquímica e molecular) de microorganismos (lévedos e bacterias) de interese alimentario. - Selección e mellora xenética dos microorganismos da industria alimentaria (enolóxica, cárnica e láctea). - Cultivos iniciadores ou starters. - Procura, caracterización e produción de enzimas microbianas (pectinasas, proteasas, lipasas, celulasas, glucanasas, etc.) para a industria alimentaria. Deseño de procesos enzimáticos. 	

- Expresión heteróloga e bioenxeñería de proteínas de aplicación na industria alimentaria.
- Bioseguridade alimentaria:
 - Procura, caracterización e produción de compostos máis seguros (non perxudiciais para a saúde) para a conservación e o aumento da vida útil dos alimentos.
 - Novos funxicidas para o control biolóxico de pragas fúnxicas agrícolas, non perxudiciais para a saúde nin o medio ambiente.
- Determinación enzimática do potencial aromático e fenólico das principais castes de vide.

Proxectos de investigación realizados nos últimos anos

Título: Evolución dos compostos fenólicos e aromáticos no proceso de maduración na vide.

Aplicación no eido da agronomía, da enoloxía e da mellora das principais castes cultivadas na Galicia.

Período de duración: dende 2007 ata 2009

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia

Outros proxectos de investigación realizados:

Título: Floculación en *Saccharomyces cerevisiae*: Regulación diferencial e dispersión dos xenes FLO.

Título: Papel de FLO2 na floculación de *Saccharomyces cerevisiae*. Aplicacións industriais.

Título: Subclonación, expresión e optimización das fermentacións dos xenes de poligalacturonas PGU1 y MsPG3 en *Saccharomyces cerevisiae*, *Kluyveromyces lactis/marxianus*, *Pichia pastoris* y *Schizosaccharomyces pombe*.

PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓN PARA ENTIDADES EXTERNAS

- Estudo dos precursores aromáticos e composición do viño albariño en función da situación do viñado para a zonificación de viñedos do Salnés, D.O. Rías Baixas.
- Caracterización fenólica e aromática das principais castes cultivadas en Betanzos.
- Estudo da microbiota maloláctica do Val do Salnés (D.O. Rías Baixas). Optimización do proceso e mellora da calidade dos viños.
- Raisin´or: produción de viño sen alcol enriquecido en polifenóis con efectos beneficiosos sobre a saúde humana: Fase I: investigación industrial.

Nome: EQUIPO DE MICROBIOLOXÍA (MB4/A)	
<p>Contacto Luis Alfonso Rodríguez López Tlfo: 988 387 006 / 988 387 066 Fax: 988 387 001 E-mail: lalopez@uvigo.es; labmicrobiologia@uvigo.es Centro: Facultade de Ciencias Páxina web: www.focu.uvigo.es/microlab</p>	<p>Investigadores Luis Alfonso Rodríguez López María Jose Pérez Álvarez Julia Carballo Rodríguez Carmen Sieiro Gallardo Ariana Pombar Gómez</p>
<p>Liñas de investigación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Laboratorio de Microbioloxía: <ul style="list-style-type: none"> - Acreditado por ENAC para: a realización de ensaios de pH e conductividade en augas continentais, de consumo, mineromedicinais e residuais; determinación de aerobios mesófilos a 22°C e 37°C, bacterias coliformes e <i>Escherichia coli</i> en augas continentais, de consumo e mineromedicinais; análises de aerobios mesófilos a 30 °C, enterobacterias, coliformes totales, <i>Escherichia coli</i> B-glucuronidasa positivo, e <i>Salmonella spp.</i> en produtos alimenticios. Rexistro nº 612/LE 1141-612/LE 1437. - Certificado por AENOR (ISO 9001:2000) para o deseño e a realización de análises microbiolóxicos e físico-químicos de augas, alimentos e medioambiente. - Rexistrado e autorizado pola Xunta de Galicia para realizar o autocontrol na industria alimentaria. - Homologado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, para o control de calidade da auga de consumo humano. - Laboratorio dado de alta no SINAC. - Autorizado polo Ministerio de Sanidade e Consumo para realizar análises de autocontrol en instalacións de risco. - Laboratorio con título de idoneidade como empresa colaboradora dos Organismos de conca en materia de control de vertidos de augas residuais (Grupo 1). Empresa colaboradora co Ministerio de Medio Ambiente. - Autorizado pola Xunta de Galicia para impartir programas de formación en Hixiene Alimentaria e en Hixiene Sanitaria en instalacións susceptibles de propagar a lexiellosis. - Deseño de autovacinas bacterianas (acuicultura e clínica). - Estudo de toxinas bacterianas en peixes e alimentos. - Patoloxía de peixes: diagnose de enfermidades microbianas en peixes. - Microbioloxía de augas e alimentos: análises microbiolóxicos de augas e alimentos. - Calidade de augas, control de calidade en industrias alimentarias, microbioloxía ambiental. - Control microbiolóxico. - Ecoloxía de fermentos vínicos e fungos patóxenos da vide, valoración de desinfectantes e funxicidas, estudos de ADN, actividades enzimáticas. Bacterias acéticas. - Ecoloxía microbiana de ambientes acuáticos; estudos de supervivencia bacteriana en medios acuáticos. - Bacterias do xofre, microbioloxía de augas termais, estudo da calidade de augas de consumo. - Potabilización de augas. Tratamento de <i>Legionella</i>. - Depuración de residuos. - Aplicación de macrófitas en augas residuais. - Tratamento de puríns con ozono. - Aplicacións do ozono como desinfectante en alimentos. - Asesoramento en implantación de normativas ISO 9001:2000 e ISO 14001:2000. - Análises de autocontrol, certificados ou acreditados de augas, alimentos, superficies, ambientes e <i>legionella</i>. - Implantación de sistemas de calidade en industrias alimentarias. <ul style="list-style-type: none"> - Deseño, desenvolvemento e implantación de sistemas APPCC. Revisión e mellora. - Elaboración de manuais de boas prácticas. - Implantación de produtos con selo de calidade. - Auditorías de calidade en restaurantes, cociñas, catering e industrias alimentarias - Deseño de plans de limpeza e desinfección. - Auditorías internas de calidade. 	

Nome: EQUIPO DE MICROBIOLOXÍA (MB4/A)

- Ensaio de eficacia de biocidas.

Proxectos de investigación realizados nos últimos anos

Título: Avaliación de novas especies de *Vibrio* con potencial patoxénico implicadas en acuicultura.

Período de duración: dende 1997 ata 2000

Fonte de financiamento: CAICYT

Título: Extractos celulares de *Aeromonas*: resposta inmune en peixes.

Período de duración: 1998

Fonte de financiamento: Universidade de Vigo

Título: Control de calidade e asesoramento técnico na elaboración de novos produtos.

Período de duración: 2002

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia.

Título: Clonación da metaloproteasa tóxica de *vibrio pelagus* e uso potencial do xen como vacina DNA contra a septicemia en acuicultura.

Período de duración: 2000

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia

PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS

- Caracterización das variedades de froitas, hortalizas e verduras comercializadas por unha empresa. Elaboración de programas de seguimento da calidade dende o punto de recollida, elaboración de fichas informativas para o consumidor.
- Estudo de evolución do sistema produtivo, a súa incidencia nas competencias transversais de prevención de riscos laborais, medio ambiente e negociación colectiva e a súa incidencia nos itinerarios formativos no sector de alimentación e bebidas de Galicia.
- Observatorio de evolución do emprego e necesidades de formación da muller traballadora no sector de alimentación e bebidas en Cantabria e en Galicia.
- Elaboración dun programa de autocontrol (análises de perigos e puntos de control críticos) para una empresa de xeados.
- Control de calidade e asesoramento técnico na elaboración de novos produtos.
- Illamento de fermentos vínicos autóctonos na zona do Ribeiro.
- Control de calidade microbiolóxica e asesoramento técnico en castañas frescas.
- Utilización do ozono como desinfectante de froitas frescas.
- Selección de fermentos autóctonos en viñedos.
- Control microbiolóxico de produto: auga e sidra.
- Desenvolvemento de novas tecnoloxías en peixe conxelado e mellora da calidade nos sistemas produtivos.
- Control de calidade e asesoramento técnico na elaboración de produtos cárnicos.
- Manual de autocontrol en panadería (APPCC).
- Control de calidade e análises microbiolóxicos de conservas e produtos elaborados.
- Control de calidade microbiolóxico e implantación de APPCC en plantas de gaseosas.
- Control de calidade microbiolóxico en produtos amendoados.
- Estudos de inoculación de fermentos en viños.
- Estudos de enoloxía.
- Análise microbiolóxica de superficies e augas da industria alimentaria.
- Control de potabilidade en augas e superficies.
- Control microbiolóxico e fisicoquímico de augas e alimentos.
- Control microbiolóxico de augas de explotacións avícolas e gandeiras.
- Control microbiolóxico en embutidos cárnicos.
- Control microbiolóxico de superficies e ambiente de cámaras frigoríficas
- Asesoramento técnico para a elaboración de comidas envasadas sen tratamento térmico e control de calidade microbiolóxica nos puntos de elaboración e venta.
- Elaboración de procedementos de limpeza e desinfección, toma de mostras, tratamento de augas e determinacións físicas, químicas e microbiolóxicas incluídas na lexislación para o control de augas de instalacións de risco de legionella.

Nome: EQUIPO DE ANÁLISE E DIAGNOSE EN PARASITOLOXÍA (PB1)	
<p>Contacto José Manuel García Estévez Tlfo: 986 812 394 Fax: 986 812 394 E-mail: jestevez@uvigo.es Centro: Facultade de Ciencias do Mar</p>	<p>Investigadores Cristina Arias Fernández José Manuel García Estévez Raúl Iglesias Blanco Celia Crespo González Helena Rodríguez Domínguez Paula Segade Castro Pamela Antelo Méndez</p>
<p>Liñas de investigación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estudos ecoparasitolóxicos en organismos mariños (peixes, moluscos, cetáceos, etc.). - Identificación de parasitos zoonóticos en peixes e produtos pesqueiros. - Identificación de parasitos zoonóticos en mostras alimentarias de orixe animal. - Asesoramento para o control de parasitos zoonóticos en alimentos. - Identificación de parasitos en augas de consumo. - Diagnóstico e control de enfermidades parasitarias en peixes e moluscos de acuicultura. - Diagnóstico e control de enfermidades parasitarias en helicultura. 	
<p>Proxectos de investigación realizados nos últimos anos</p> <p>Título: Aplicación de marcadores parasitarios e xenéticos na avaliación do impacto postvertido sobre o mexillón galego.</p> <p>Período de duración: dende 2004 ata 2006</p> <p>Fonte de financiamento: Xunta de Galicia.</p> <p>Título: Estudo das parasitoses que afectan ao caracol petit-gris (<i>Helix aspersa aspersa</i>) en explotacións helicultoras de Galicia</p> <p>Período de duración: dende 2004 ata 2007</p> <p>Fonte de financiamento: Xunta de Galicia.</p> <p>Título: Alteracións do ciclo reproductor de <i>Mytilus galloprovincialis</i> no sistema de cultivo: resposta fisiolóxica ante episodios de contaminación por mutáxenos.</p> <p>Período de duración: dende 2006 ata 2008</p> <p>Fonte de financiamento: Xunta de Galicia.</p> <p>Outros proxectos de investigación realizados:</p> <p>Título: Influencia do control microbiano e parasitario no cultivo larvario e no engorde do polbo (<i>Octopus vulgaris</i>).</p> <p>Título: Influencias de metais traza no desenvolvemento e supervivencia de parasitos mariños.</p> <p>PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de parasitos zoonóticos para empresas dedicadas á pesca, ao marisqueo e á acuicultura así como á transformación e comercialización dos produtos da pesca. - Diagnóstico de enfermidades parasitarias para empresas dedicadas á produción de caracois destinados ao consumo humano. 	

Nome: EQUIPO DE AGROINFORMÁTICA PARA A VITICULTURA (AG1)	
<p>Contacto José Manuel García Queijeiro Tlfo: 988 387 059 / 646 148 283 Fax: 988 387 001 E-mail: jgarcia@uvigo.es Centro: Facultade de Ciencias Páxina web: www.vitigal.com</p>	<p>Investigadores José Manuel García Queijeiro Monserrat Míguez Bernárdez María Rosario Freijido Davila Julia De La Montaña Miguez Cristalina Álvarez Olleros</p>
<p>Liñas de investigación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Investigación básica e aplicada en temas relacionados coa viticultura. <ul style="list-style-type: none"> o Fertilidade e manexo das terras dos viñedos, nas nosas condicións de solos ácidos. o Fenoloxía das variedades autóctonas galegas. o Esixencias nutricionais das variedades autóctonas galegas. o Viticultura de precisión. - Servizos: oferta dirixida as empresas e institucións do sector vitivinícola. <ul style="list-style-type: none"> o Análise de terras e asesoramento para preparar o abonado de fondo antes das novas plantacións. o Análise de tecidos (pecíolos e limbos) para a mellora da calidade das viñas en produción. o Diagnose rápida dos problemas nutricionais e de vigor. o Preparación das solicitudes para beneficiarse da denominación de viños de pago. o Cata de uvas. o Control de maduración fenólica. o Optimización de sistemas de rega nos viñedos. o Optimización do manexo da vexetación. o Implementación das técnicas de Viticultura de Precisión. 	
<p>Proxectos de investigación realizados nos últimos anos</p> <p>Título: Caracterización ampelográfica e fenolóxica e avaliación do potencial enolóxico de 4 variedades minoritarias de vide en Galicia.</p> <p>Período de duración: dende 2006 ata 2008</p> <p>Fonte de financiamento: Programa Nacional de Recursos e Tecnoloxías Agroalimentarias.</p> <p>Outros proxectos de investigación realizados:</p> <p>Título: Os sistemas de socalcos do sureste galego: cartografía, catalogación e caracterización</p> <p>PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asesoría na preparación da documentación relativa ao expediente de rexistro da DOP para varios ecotipos de pementos galegos, perante o MAPA e o Servizo correspondente da Comisión Europea. - Aproveitamento das cepas vellas de albariño para unha nova liña de viños de calidade acollida a D.O. Rías Baixas. - Implantación das técnicas da viticultura de precisión nas condicións do Rosal. - Asesoría na preparación da documentación relativa ao expediente de ampliación da área xeográfica acollida a D.O. Rías Baixas. 	

Nome: EQUIPO DE AEROBIOLOXÍA E APICULTURA (BV1)	
<p>Contacto M. Carmen Seijo Coello Tlfo: 988 387 057 / 670 528 397 Fax: 988 387 001 E-mail: mcoello@uvigo.es Centro: Facultade de Ciencias</p>	<p>Investigadores M. Victoria Jato Rodríguez M. Isabel Iglesias Fernández M. Carmen Seijo Coello Francisco Javier Rodríguez Rajo</p>
<p>Liñas de investigación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Caracterización e tipificación de meles. - Control de calidade dos produtos apícolas. - Deseño de explotacións apícolas. - Experiencia en formación en aspectos relacionados coa apicultura. 	
<p>Proxectos de investigación realizados nos últimos anos</p> <p>Título: Aplicación da aeropalinoxía ao control da produción da vide. Período de duración: dende 1994 ata 1996 Fonte de financiamento: Xunta de Galicia</p> <p>Título: Aplicación da aerobioloXía ao control das enfermidades fúnxicas da vide. Período de duración: dende 1995 ata 1997 Fonte de financiamento: Xunta de Galicia</p> <p>Título: A aerobioloXía aplicada aos problemas alérxicos e a produción de colleitas. Período de duración: dende 1997 ata 1998 Fonte de financiamento: Universidade de Vigo</p> <p>Outros proxectos de investigación realizados: Título: Estudo polínico de meles galegas. Tipificación e denominación de orixe.</p> <p>PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise melisopalinoxico de mel: estudo da súa orixe xeográfica. - Estudo do pole de meles producidos en Galicia. - Caracterización do mel acollido a D. O. Mel de Galicia. - Análise melisopalinoxica do mel producido en Galicia. - Espectro polínico de mostras de mel. - Caracterización dos meles monoflorais producidos en Galicia. - Análise polínica de mel. - Estudo palinoxico de mostras de mel. - Estudo preliminar da morfometría da abella negra en Galicia. 	

Nome: EQUIPO DE PALINOLOXÍA APLICADA (MELISOPALINOLOXÍA) E VITICULTURA (BV4)	
<p>Contacto M^a Pilar De Saa Otero Tlfo: 988 387 076 Fax: 988 387 001 E-mail: saa@uvigo.es Centro: Facultade de Ciencias</p>	<p>Investigadores Sandra Armesto Baztan M^a Pilar De Saa Otero</p>
<p>Liñas de investigación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise de procedencia floral en meles e outros produtos da colmea. - Determinación de parámetros de calidade en meles e produtos da colmea. - Ampelografía e ampelometría. 	
<p>Proxectos de investigación realizados nos últimos anos</p> <p>Título: Caracterización ampelográfica, fenolóxica e avaliación do potencial enolóxico de catro variedades minoritarias de vide en Galicia. Período de duración: dende 2005 ata 2007 Fonte de financiamento: INIA</p> <p>Título: Caracterización morfolóxica e documentación da colección de vides da estación de viticultura e enoloxía de Galicia. Período de duración: dende 2006 ata 2009 Fonte de financiamento: INIA</p> <p>Título: Selección clonal de variedades tintas autóctonas de Galicia. Período de duración: dende 2005 ata 2008 Fonte de financiamento: Xunta de Galicia</p> <p>Outros proxectos de investigación realizados: Título: Estudo da selección diaria de plantas poliníferas en <i>Apis mellifera L.</i> e influencia do contido proteico do Pollenkit e textura de pelotilla corbicular.</p>	

Nome: EQUIPO DE BIOTECNOLOXÍA VEXETAL E CAMBIO GLOBAL (BV6)	
<p>Contacto Pedro Pablo Gallego Veigas Tlfo: 986 812 595 Fax: 986 812 556 E-mail: pgallego@uvigo.es Centro: Facultade de Bioloxía</p>	<p>Investigadores Pedro Pablo Gallego Veigas María Jesús Iglesias Briones. Esther Barreal Modroño Verónica Otero Abalde. Noela Carrera. Jorge Gago Mariño. Lourdes Martínez López Ana Gabian</p>
<p>Liñas de investigación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Producción frutícola: <ul style="list-style-type: none"> - Estudos fisiolóxicos e de produción en campo de kiwi, vide, cereixa, oliveira... - Estudos de fertilización en solo e/ou en follas con abonos orgánicos e inorgánicos. <ul style="list-style-type: none"> - Análises elemental. - Desenvolvemos e testamos novas emendas agrícolas (residuos orgánicos, novos produtos, bioemendas). - Seguimento fitopatolóxico. - Estudos de conservación e/ou postcolleita: conservación en cámara, conservación en atmosfera controlada e modificada. - Mellora de plantas: <ul style="list-style-type: none"> - Micropropagación de kiwi, vide, cereixa, mirabel. - Selección de plantas adultas elite. - Transformación xenética. - Captación e fixación de CO2. 	
Iniciativa intergubernamental de apoio ao I+D+i cooperativa no ámbito europeo, que ten como obxecto impulsar a competitividade das empresas europeas mediante o fomento da realización de proxectos tecnolóxicos, orientados ao desenvolvemento de produtos, procesos e/ou servizos con claro interese comercial no mercado internacional e baseados en tecnoloxías innovadoras.		
BENEFICIARIOS		
Empresas ou centros de investigación españois capaces de realizar un proxecto de I+D+i de carácter aplicado en colaboración con, polo menos, unha empresa e/ou centro de investigación doutro país da rede IBEROEKA (Arxentina, Bolivia, Brasil, Colombia, Costa Rica, Cuba, Chile, Ecuador, O Salvador, España, Guatemala, Honduras, México, Nicaragua, Panamá, Paraguai, Perú, Portugal, República Dominicana, Uruguai e Venezuela)		
CONVOCATORIA		
Aberta todo o ano.		
WEB		
http://www.cdti.es/index.asp?MP=7&MS=53&MN=3		

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBXETO
Proxectos Chineka	Selo de calidade que, no caso español, pode derivar nunha Axuda Parcialmente Reembolsable (APR) a través de Liñas CDTI .	I+D+i
DESCRICIÓN		
O Programa Bilateral Hispano-Chinés de Cooperación Tecnolóxica (Chineka) promove a cooperación tecnolóxica internacional entre entidades de España e China a través de proxectos liderados por empresas co obxectivo de impulsar a competitividade das empresas españolas e chinesas fomentando e apoiando a execución de proxectos tecnolóxicos conxuntos, orientados ao desenvolvemento e/ou adaptación de novos produtos, procesos ou servizos, destinados a mercados internacionais.		
BENEFICIARIOS		
Empresas ou centros de investigación españois capaces de realizar un proxecto de I+D+i en colaboración con, polo menos, unha empresa e/ou centro de investigación doutro país de China.		
CONVOCATORIA		
Aberta todo o ano.		
WEB		
http://www.cdti.es/index.asp?MP=7&MS=56&MN=3		

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBXETO
Proxectos Cadaneka	Selo de calidade que, no caso español, pode derivar nunha Axuda Parcialmente Reembolsable (APR) a través de Liñas CDTI .	I+D+i
DESCRICIÓN		
O programa Cadaneka pretende promover a Cooperación Tecnolóxica empresarial entre entidades de España e Canadá en proxectos de transferencia de tecnoloxía, desenvolvemento tecnolóxico e innovación co obxectivo de xerar beneficios económicos para España e Canadá.		
BENEFICIARIOS		
Empresas ou centros de investigación españois capaces de realizar un proxecto de I+D+i en colaboración con, polo menos, unha empresa e/ou centro de investigación de Canadá.		
CONVOCATORIA		
Aberta todo o ano.		
WEB		
http://www.cdti.es/index.asp?MP=7&MS=57&MN=3		

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBXETO
Proxectos ISIP	Selo de calidade que, no caso español, pode derivar nunha Axuda Parcialmente Reembolsable (APR) a través de Liñas CDTI .	I+D+i
DESCRICIÓN		
O Programa Bilateral Hispano-Indio de Cooperación Tecnolóxica (ISI - India & Spain Innovating) pretende promover a Cooperación Tecnolóxica empresarial entre entidades de España e India en proxectos de desenvolvemento tecnolóxico, innovación e transferencia de tecnoloxía, co obxectivo de xerar beneficios económicos para España e India e impulsar a competitividade das súas empresas.		
BENEFICIARIOS		
Empresas ou centros de investigación españois capaces de realizar un proxecto de I+D+i en colaboración con, polo menos, unha empresa e/ou centro de investigación doutro da India.		
CONVOCATORIA		
Aberta todo o ano.		
WEB		
http://www.cdti.es/index.asp?MP=7&MS=211&MN=3		

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBXETO
Proxectos KSI	Selo de calidade que, no caso español, pode derivar nunha Axuda Parcialmente Reembolsable (APR) a través de Liñas CDTI .	I+D+i
DESCRICIÓN		
O Programa KSI é un programa bilateral que pretende promover a cooperación tecnolóxica empresarial entre entidades de España e Corea en proxectos conxuntos de transferencia de tecnoloxía, desenvolvemento tecnolóxico e innovación co obxectivo de incrementar o nivel tecnolóxico das industrias de ambas nacións.		
BENEFICIARIOS		
Empresas ou centros de investigación españois capaces de realizar un proxecto de I+D+i en colaboración con, polo menos, unha empresa e/ou centro de investigación doutro de Corea .		
CONVOCATORIA		
Aberta todo o ano.		
WEB		
http://www.cdti.es/index.asp?MP=7&MS=228&MN=3		

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBXETO
Proxectos JSIP	Selo de calidade que, no caso español, pode derivar nunha Axuda Parcialmente Reembolsable (APR) a través de Liñas CDTI .	I+D+i
DESCRICIÓN		
O Programa Bilateral Hispano-Xaponés de Cooperación Tecnolóxica (JSIP - Japan & Spain Innovation Program) pretende promover a Cooperación Tecnolóxica empresarial entre entidades de España e Xapón en proxectos de desenvolvemento tecnolóxico, innovación e transferencia de tecnoloxía, co obxectivo de xerar beneficios económicos para España E Xapón e impulsar a competitividade das súas empresas.		
BENEFICIARIOS		
Empresas ou centros de investigación españois capaces de realizar un proxecto de I+D+i en colaboración con, polo menos, unha empresa e/ou centro de investigación doutro de Xapón.		
CONVOCATORIA		
Aberta todo o ano.		
WEB		
http://www.cdti.es/index.asp?MP=7&MS=248&MN=3		

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBXETO
Proxectos SASI	Selo de calidade que, no caso español, pode derivar nunha Axuda Parcialmente Reembolsable (APR) a través de Liñas CDTI .	I+D+i
DESCRICIÓN		
O Programa Bilateral Sudáfrica-España de Cooperación Tecnolóxica(SASI) promove a cooperación tecnolóxica internacional entre entidades de Sudáfrica e España a través de proxectos liderados por empresas co obxectivo de impulsar a competitividade das empresas españolas e surafricanas, apoiando a execución de proxectos tecnolóxicos conxuntos, orientados ao desenvolvemento e/ou adaptación de novos produtos, procesos de servizos, destinados a mercados internacionais.		
BENEFICIARIOS		
Empresas ou centros de investigación españois capaces de realizar un proxecto de I+D+i en colaboración con, polo menos, unha empresa e/ou centro de investigación doutro de Sudáfrica .		
CONVOCATORIA		
Aberta todo o ano.		
WEB		
http://www.cdti.é/index.asp?MP=7&MS=560&MN=3		

10.6 Programa CIP

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBXETO
IEE. Programa Enerxía Intelixente	Subvención	Innovación
DESCRIPCIÓN		
<p>Este programa pretende acelerar as accións en relación coa estratexia e os obxectivos comunitarios acordados no ámbito da enerxía sostible e, especialmente, facilitar o desenvolvemento e a aplicación do marco regulamentario en materia de enerxía; aspira a incrementar o nivel de investimentos en novas e máis rendibles tecnoloxías e a aumentar eficiencia enerxética, a incorporación as fontes de enerxías renovables e a diversificación enerxética, tamén no transporte, mediante a sensibilización e mellor coñecemento entre os axentes clave dentro da UE.</p>		
BENEFICIARIOS		
<p>Persoas xurídicas, públicas ou privadas, establecida na Unión Europea Noruega, Islandia, Liechtenstein e Croacia.</p>		
CONVOCATORIA		
<p>Anual. Aberta convocatoria 2010 (límite presentación 24 de Xuño)</p>		
WEB		
<p>http://ec.europa.eu/energy/intelligent/index_en.html</p>		

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBXETO
ICT. Programa Político de Apoio ás TIC	Subvención	I+D+i
DESCRIPCIÓN		
<p>O Programa PSP ICT pretende fomentar a adopción das TIC polos cidadáns, as empresas e os gobernos e aspira a intensificar o investimento público nas tecnoloxías da información e as comunicacións. Apoiará accións encamiñadas a desenvolver o espazo único europeo da información e a consolidar o mercado interior de produtos e servizos da información.</p> <p>Terá como obxectivo fomentar a innovación, ampliando a adopción das TIC e os investimentos para desenvolver a sociedade da información e uns servizos máis eficaces nos ámbitos de interese público e en mellóraa da calidade de vida.</p>		
BENEFICIARIOS		
<p>Persoas xurídicas, públicas ou privadas, establecida na Unión Europea Noruega, Islandia, Liechtenstein e Croacia.</p>		
CONVOCATORIA		
<p>Varias ao ano. Aberta convocatoria 2010 (límite presentación 1 de Xuño)</p>		
WEB		
<p>http://ec.europa.eu/information_society/activities/ict_psp/index_en.htm</p>		

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBJETO
EIP. Programa para a Iniciativa Empresarial e a Innovación	Crédito Subvención	Innovación
DESCRICIÓN		
<p>O Programa apoiará actividades horizontais para mellorar, fomentar e promover a innovación (incluída a innovación ecolóxica) nas empresas. Incluirá o fomento da innovación sectorial, dos clústeres, das asociacións público- privadas de innovación e a aplicación da xestión de innovación. Contribuirá igualmente á prestación de servizos de apoio á innovación a nivel rexional, especialmente para a transferencia transnacional de coñecementos e tecnoloxías, e a xestión da propiedade intelectual e industrial.</p>		
BENEFICIARIOS		
<p>Persoas xurídicas, públicas ou privadas, establecidas na Unión Europea Noruega, Islandia, Liechtenstein e baixo un acordo adecuado Croacia, a Antiga República Iugoslava de Macedonia, Israel, Turquía, os Estados dos Balcáns Occidentais e outros países non membros da UE.</p>		
CONVOCATORIA		
Anual. Aberta convocatorias 2010		
WEB		
http://ec.europa.eu/cip/eip/index_en.htm		

10.7 Outros programas e ferramentas de apoio

PROGRAMA	TIPO DE AXUDA	OBXETO
Programa CYTED	Subvención	I+D+i
DESCRIPCIÓN		
<p>O Programa CYTED ten como obxectivo principal contribuír ao desenvolvemento armónico e sostible da Rexión Iberoamericana mediante a colaboración e cooperación entre os Organismos Nacionais de Ciencia e Tecnoloxía (ONCYT), os Organismos de Fomento da Innovación, os grupos de investigación de universidades, os centros de I+D e as empresas de Iberoamérica.</p> <p>Rede Cyted: Os 21 países que participan no Programa CYTED son: Arxentina, Bolivia, Brasil, Colombia, Costa Rica, Cuba, Chile, Ecuador, O Salvador, España, Guatemala, Fonduras, México, Nicaragua, Panamá, Paraguai, Perú, Portugal, República Dominicana, Uruguai e Venezuela</p>		
BENEFICIARIOS		
Centros públicos de I+D, Centros privados de I+D, organismos de innovación e empresas públicas e privadas.		
CONVOCATORIA		
<p>Anual. Aberta. As regras de participación publicanse na páxina Web do Programa CYTED, polo menos cunha semana de antelación á apertura da mesma xeralmente ao longo do mes de Marzo, trala aprobación do texto e das liñas prioritarias da convocatoria no Consello Directivo do Programa.</p> <p>A presentación de propostas permanece aberta durante un período aproximado de 2 meses desde o momento da súa apertura.</p>		
WEB		
www.cytcd.org		

11 PROPOSTA DE CONTIDOS DA MEMORIA DO PROXECTO DE I+D+I.

A memoria técnica é o documento que describe de xeito detallado os traballos de I+D+i que a organización vai executar. Por iso ten que proporcionar unha visión integral do proxecto, isto é:

- Xustificación da necesidade ou interese da súa execución para a empresa.
- Expoñer os obxectivos que a empresa pretende alcanzar con el.
- Describir o plan de traballo e a metodoloxía que se vai empregar para executalo.
- Identificar os recursos (equipos, persoas, provedores de I+D, etc.)
- Explicar a aplicación que terán os resultados que se prevé alcanzar co proxecto.

Non existe un modelo único de memoria que se poda utilizar como referente, pero si se poden proporcionar orientacións para a súa elaboración, considerando a proposta da norma UNE 166001 acerca dos requisitos dun proxecto de I+D+i.

Aínda que os contidos e modelo concreto da Memoria do proxecto dependerá da convocatoria concreta á que se presente, neste apartado se ofrecen algunhas pautas xerais sobre como abordar esta tarefa.

As bases reguladoras de cada convocatoria adoitan limitar a extensión concreta da Memoria, e esta dependerá, lóxicamente da complexidade do proxecto. Pero o normal é que o documento teña en torno a unhas 15.000 palabras (entre 20 e 22 páxinas en A4). Ademais se poden incluír todos aqueles elementos gráficos que contribúan a facilitar a comprensión: gráficos, esquemas, planos, deseños, fotos, etc.

En canto ao estilo de redacción, se recomenda empregar unha linguaxe técnica, expresando en forma directa, clara e concisa o proxecto que se pretende abordar. Por outra parte, en canto ás formas verbais se recomenda empregar a terceira persoa do singular na súa forma impersonal en lugar da primeira persoa do singular ou do plural.

Ademais se incorporarán elementos que podan mellorar a presentación gráfica do documento: logo da empresa e título do proxecto no encabezado, número de páxina no pé, presentación encanutillada, etc. Tamén, aínda que non se exige, se pode adxuntar unha versión electrónica do documento nun CD.

Por último, con respecto aos aspectos xerais, lembrar que a memoria irá encabezada por unha portada, na que constarán o nome da empresa, o título do proxecto e a data de elaboración. É convinte tamén incluír un índice de contidos.

Seguidamente se propón unha listaxe de contidos para a elaboración da memoria do proxecto de I+D+i:

- ❖ **Introducción:** este apartado proporcionará unha visión xeral ou resumo do proxecto que a organización pretende abordar¹.
 - *Presentación da empresa propoñente*, a que se dedica, cal é o seu volume de facturación, número de empregados, etc.
 - *Resumen do proxecto*, sintetizando o impacto que terá na empresa e na contorna na que opera.
 - De forma xeral, *estado da arte da tecnoloxía na que se centra o proxecto*, xa sexa en canto aos resultados finais como na metodoloxía de traballo que se vai empregar.
 - *Estrutura xeral dos traballos*, indicando o prazo previsto de execución e se a empresa vai desenvolver o proxecto sola ou contando con servizos de algún centro tecnolóxico, grupo de investigación ou empresa.
 - *Obxectivos do proxecto e estratexia a seguir*.
 - *Problema a resolver* co proxecto: razóns polas que o proxecto debería ser executado, é dicir, a necesidade ou problema (industrial, económico, medioambiental, etc.) que se pretende satisfacer ou resolver
 - *Oportunidades que ofrece* o posible desenvolvemento do proxecto e importancia do mesmo para a empresa.
 - *Estratexia elixida* para alcanzar os obxectivos.
 - *Descrición e cuantificación dos logros previstos no proxecto* e a súa relevancia para o sector ou sectores afectados.
 - *Cumplimento de aspectos legais e éticos*.
 - *Protección da propiedade dos resultados*. A organización debe documentar que ten previsto protexer os resultados do proxecto, indicándoo razoadamente.
- ❖ **Innovación e grado de novidade do proxecto:** a novidade é un aspecto inherente a todo proxecto de I+D+i, e iso implica a asunción dun risco técnico que as empresas se deciden a afrontar porque as solucións científico-tecnolóxicas existentes no mercado non satisfacen as súas necesidades. Neste apartado se explica cáles son as razóns técnicas que levan á empresa a asumir o risco, para o cal se aclararán os seguintes aspectos²:

¹ A extensión aconsellada e dunha páxina A5 ou 650 palabras.

² A extensión máxima recomendada é de 650 palabras ou una páxina A4.

- *Estado da situación técnica actual no sector*, no ámbito nacional e no ámbito internacional. Os aspectos descritos dependerán do tipo de proxecto: en investigación aplciada ou desenvolvemento tecnolóxico, a tecnoloxía en escala industrial; en proxectos de innovación, a situación actual de produtos, procesos, tecnoloxías ou normas así como os procesos e sectores nos que se aplican.
- *Limitacións técnicas do estado actual*. Describir a situación actual de coñecementos, tecnoloxías, produtos ou procesos e a súa incapacidade para cubrir as demandas do mercado, expoñendo os retos que supoñen desenvolver o proxecto de I+D+i concreto.
- *Liñas de traballo que se abordan no proxecto e avances técnicos que se propoñen*: novidades introducidas: novos coñecementos, avances en desenvolvemento, avances tecnolóxicos, relacionando estes conceptos coas definicións do artigo 35 da Lei do Imposto de Sociedades.

Este apartado concluirá con división en dous grupos:

- Relación de actividades do proxecto que constitúen actividades de I+D.
 - Relación de actividades do proxecto que constitúen actividades de innovación tecnolóxica.
- ❖ **Obxectivos**: os obxectivos do proxecto son os resultados que a empresa espera alcanzar coa actividade de I+D+i, polo que han de expresarse de xeito que sirvan para determinar se o proxecto se desenvolveu con éxito ou fracasou³.

Se recomenda:

- Identificar un *obxectivo xeral do proxecto*, o resultado principal, así como *obxectivos operativos* asociados a cada unha das etapas do plan de traballo.
 - Marcarse obxectivos realistas, coherentes co conxunto do proxecto tendo en conta o tamaño do equipo humano, os mediso técnicos empregados, as metas que se fixan e o prazo de execución previsto.
 - Establecelos de forma precisa, medible e cuantificable, para determilas o éxito ou fracaso do proxecto.
- ❖ **Plan de traballo**. Nesta sección se determinan as rtaefas que se realizarán para desenvolver o proxecto. Se trata de un apartado especialmente importante posto que a posterior asignación de recursos, tempos e, en definitiva, custos, se realizará en función das actividades identificadas para executar o proxecto.

Para cumprimentar este apartado se listarán as tarefas, se describirán as metodoloxías que se van usar para abordalas, se establecerán prioridades, se analizarán as interrelacións entre elas (por exemplo se agruparán aquelas que

³ A extensión máxima recomendada desta parte e de unas 325 palabras ou media páxina A4.

conducen a un obxectivo común), se ordenarán secuencialmente no tempo e, por último, se fixarán datas para cada unha delas impoñendo un calendario para a súa realización. O Plan de tarefas inclúe aquelas de carácter experimental e tamén as relacionadas coa protección dos resultados obtidos no proxecto.

É importante identificar os resultados técnicos de cada tarefa ou grupo de tarefas cun obxectivo común. Estes resultados intermedios se denominan hitos e soen marcar o paso dunha etapa a outra do proxecto. A información relativa aos hitos ou resultados técnicos parciais será de utilidade para a elaboración do apartado de obxectivos⁴.

Finalmente, para representar as tarefas e as súas relacións se recomenda apoiarse en gráficos, esquemas ou diagramas, como o Diagrama de Gannt.

Aspectos a recoller neste apartado son:

- Planificación do proxecto.
 - Papel das diferentes organizacións implicadas no seu desenvolvemento.
 - Estrutura organizativa e personal.
 - Planificación de tarefas, subprocesos, fases e traballos e as súas interaccións.
 - Duración prevista do proxecto e de cada unha das fases.
 - Conclusións previstas ao remate de cada fase.
 - Control do programa de traballo ou xestión do proxecto.
 - Identificación de riscos e puntos críticos.
 - Xestión de cambios, imprevistos e riscos identificados.
- ❖ **Recursos:** partindo do plan de traballo, neste apartado se identifican para cada unha das tarefas os recursos humanos, técnicos e servizos que a empresa necesita para abordar o proxecto⁵. Ao elaborar esta relación se estimará a súa dedicación ao proxecto en horas no caso de persoal e equipos, e se avaliará cales destes existen na empresa e cales teñen que ser buscados na contorna da empresa (provedores de servizos, contratación de persoal...).

Os recursos se clasifican nas seguintes categorías:

- *Persoal ou recursos humanos* existentes na empresa que se van dedicar en parte do seu tempo a traballar no proxecto, e persoal de nova contratación. Para o primeiro dos casos se incluírá unha relación de persoal que vaia

⁴ A extensión máxima recomendada depende do proxecto, pero se recomenda que como máximo alcance as 6.000 palabras ou 10 páxinas A4.

⁵ Este apartado tamén se coñece como Capacidade Técnica, e a información contida no mesmo ten que ser coherente coa que figura na Memoria Económica. Por iso se recomenda calcular os recursos tarefa por tarefa nalgún soporte que posteriormente permita calcular o presuposto. A extensión máxima recomendada depende do proxecto, pero debería rondar as 1.800 palabras ou as 6 páxinas A4.

participar no proxecto, indicando para cada un deles nome, apelidos, posto de traballo, cargo, titulación académica e experiencia en proxectos similares, indicando ademais o número de horas que van dedicar cada un deles ao proxecto. Para os de nova contratación se incluíra unha relación dos perfís profesionais das persoas que se van contratar para traballar no proxecto e o número de horas que van dedicar cada un deles ao mesmo.

- *Equipamento*: se proporcionará unha relación do material inventariable preciso para a execución do proxecto (instalacións, equipos, aparatos, maquinaria, instrumentos, etc.) Se inclúen tamén as licenzas de explotación de patentes e outros activos inmateriais. Para cada un deles se estimará o número de horas que se van dedicar ao proxecto, e se está dispoñible ou se necesita ser adquirido ou alugado, xustificando con detalle a súa necesidade.
 - *Material fungible*: son materiais e equipos necesarios para a execución do proxecto e de vida útil curta que non sexan obxecto de inventario, como compoñentes electrónicos ou electromecánicos, probetas, reactivos químicos, pequeno material instrumental, etc. Haberá que cuantificalos xustificando con detalle a súa necesidade.
 - *Subcontratacións*: son os traballos ou servizos contratados a terceiras partes profesionais, empresas, grupos de investigación universitarios, centros tecnolóxicos, centros públicos de I+D, laboratorios, etc. O tipo de actividades que desenvolven soen ser de I+D, estudos específicos, análises, ensaios, medicións, etc.
 - *Outros recursos*: como viaxes e desprazamentos necesarios para executar as tarefas do proxecto, a formación para actividades relacionadas coa actualización de coñecementos en congresos, seminarios ou xornadas necesarios para a execución do proxecto⁶. Se poden incluír tamén os servizos necesarios para a difusión dos resultados, tanto os de publicidade como os dos axentes da propiedade industrial para tramitar patentes e marcas.
- ❖ **Resultados alcanzables**: neste apartado se explican os resultados que se espera obter co proxecto, as súas posibles aplicacións tecnolóxicas, a política de xestión de resultados prevista pola empresa e os potenciais beneficios derivados da súa utilización para o promotor e os participantes do proxecto e, se procedera, para o sector no que opera a empresa ou a sociedade en xeral.

Debido á incerteza asociada a todo proxecto de I+D+i, a identificación dos futuros beneficios para a empresa, o sector ou a sociedade é un dos aspectos que plantexa máis dificultades á hora de redactalo. Se trata de supoñer que o proxecto culmina con éxito e, partindo da situación inicial, estimar como estes resultados

⁶ Aínda que as viaxes e a formación non son conceptos subvencionables, excepcionalmente poden chegar a selos si se consideran imprescindibles para o desenvolvemento do proxecto, necesidade que debe aparecer recollida na memoria.

van incidir na competitividade da empresa (vía incremento das vendas, ou por mellora do posicionamento tecnolóxico, etc.). Por outra parte, cando a innovación obxecto do proxecto supera ao ámbito empresarial, abonda con identificar que sectores e que grupos sociais se verán afectados e que impacto terán en ambos colectivos os resultados⁷.

Ao abordar este apartado debería hacerse referencia a estes aspectos:

- Descrición do novo ou mellorado produto, proceso ou servizo.
 - Posibles aplicacións tecnolóxicas do novo ou mellorado produto, proceso ou servizo.
 - Política de xestión de resultados prevista pola empresa, como medidas para a explotación de resultados, protección ou difusión.
 - Identificación de potenciais usuarios dos resultados internos (cando sexa unha mellora nun proceso) ou externos (cando os resultados afecten a un produto ou un servizo que se vai comercializar, cando a tecnoloxía resultante se vai licenciar vía patente, etc.).
 - Explicación de cómo o proxecto beneficiará a empresa e, se procedera, ao sector no que opera ou a toda a sociedade.
- ❖ **Presuposto:** é preciso identificar todos os recursos necesarios para desenvolver un proxecto de I+D+i e cuantificar o custo dos mesmos.
- Estimación de custos na planificación anteriormente definida (divididos en custo de I+D e custo en innovación tecnolóxica) e distribuílos ao longo do proxecto⁸.
 - Determinar que recursos materiais son precisos para o proxecto e cando se debe dispoñer deles, programándoos xunto coa planificación.
 - Fontes de financiamento, identificando a procedencia de recursos da propia empresa, subvencións, créditos, etc.
 - Revisar un histórico de experiencias anteriores para valorar os custos.

⁷ A extensión máxima recomendada é de 700 palabras ou en torno a 2 páxinas A4.

⁸ Os custos deben aparecer documentados e ser facilmente trazables.

PRESUPOSTO TOTAL DO PROXECTO

Presuposto Total do proxecto

Presuposto en I+D+i	Ano ...	Ano ...	Ano ...
Activos materiais e inmateriais			
Material funxible			
Persoal			
Colaboracións Externas			
Outros Gastos			
Total			

Presuposto en Investigación e Desenvolvemento do proxecto

Presuposto en I+D	Ano ...	Ano ...	Ano ...
Activos materiais e inmateriais			
Material funxible			
Persoal			
Colaboracións Externas			
Outros Gastos			
Total			

Presuposto en Innovación do proxecto

Presuposto en i	Ano ...	Ano ...	Ano ...
Activos materiais e inmateriais			
Material funxible			
Persoal			
Colaboracións Externas			
Outros Gastos			
Total			

Para cumprimentar a memoria do proxecto a efectos do RD 1432/2003 de 21 de novembro, deberá empregarse como guía o apartado 4 da Norma UNE 166001: 2006 “Xestión da I+D+i: Requisitos de un proxecto de I+D+i”. A memoria técnica incluírá, ademais, unha clasificación de actividades en I+D e/ou Innovación Tecnolóxica, xustificándoa a partir dos conceptos establecidos no art. 35 da Lei do Imposto sobre Sociedades. Os custos asociados a estas actividades deberán asemade imputarse a I+D ou a Innovación tecnolóxica, segundo fora xustificando, nos correspondentes impresos oficiais anexos ao RD 1432/2003.

No seu caso, poderán aportarse memorias técnicas preparadas con antelación para convocatorias de axudas por actividades de I+D+i, introducindo un índice que estableza a correspondencia entre o solicitado pola norma UNE 166001:2006 e o recollido na memoria. Se anexarán aqueles puntos que non aparezan na memoria orixinal, xunto coa xustificación da natureza do proxecto.

12 POSIBLES PUNTOS A INCLUIR NUN ACORDO DE CONSORCIO PARA UN PROXECTO DE I+D+i EN COLABORACIÓN

Xerais:

- Data da firma do acordo.
- Identificación dos membros e dos seus representantes. Incluindo unha listaxe exhaustiva das persoas que van traballar no proxecto, que permita reforzar a confidencialidade dos traballos⁹.
- Definicións previas: (comerciais, técnicas, financeiras, legais,..)

Preámbulo:

O preámbulo resume as razóns e o contexto do acordo.

- As razóns estratéxicas para a cooperación entre os socios.
- As razóns polas cales se quere establecer este marco de colaboración.
- Idioma utilizado na versión definitiva (en el caso de posibles traducións).

Motivo do contrato:

O motivo do contrato debe ser establecido con moita precisión, xa que inflúe nas restantes cláusulas do contrato. Os seguintes puntos deben ser incluídos, aínda que os detalles poden aparecer como anexos:

- Cláusula relacionada coa responsabilidade das partes.
- Especificacións técnicas preliminares.
- Resultados técnicos esperados.
- Traballos a realizar.

Disposicións técnicas:

- Contribución técnica de cada socio.
- Recursos técnicos postos a disposición do proxecto (recursos humanos, infraestruturas, etc).
- Calendario de realización dos traballos.
- Esforzos máximos¹⁰.

⁹ A presenza dun posible sponsor, ou a doutro participante no proxecto (os cales normalmente non aparecen nos contratos habituais) debe ser mencionada, especialmente se ten certos dereitos derivados da súa contribución ao proxecto.

¹⁰ Pode ser útil especificar que os compromisos dos participantes están en relación cos recursos humanos, materiais e intelectuais, máis que coa obtención dos resultados desexados; tamén é aconsellable fixar un límite financeiro para os gastos que cada participante esta disposto a realizar.

Procedementos de modificación:

É aconsellable establecer métodos flexibles para a realización de cambios nas especificacións iniciais, incluíndo a posibilidade de interrupción de algunhas tarefas, a retirada dalgún socio ou a inclusión de novos, etc.

Acordos comerciais:

- Confidencialidade. Compromiso de segredo da información revelada polas outras partes¹¹.
- Propiedade dos resultados¹².
- Protección legal dos resultados (patentes).
- Explotación comercial dos resultados. Como norma os resultados son propiedade conxunta dos participantes¹³.
- Obrigacións de explotación. Se os participantes, que están obrigados a utilizar os resultados comercialmente non o fan, o organismo que concede a axuda podería chegar a forzar aos participantes a conceder as súas licenzas a terceiros para que sexan utilizadas¹⁴.
- Patentes e coñecementos. É necesario precisar a posibilidade de negativa de acceso aos coñecementos ou patentes dun participante, se a divulgación de dita información atenta gravemente contra os seus intereses comerciais.
- Sublicenzas. É necesario indicar as condicións nas cales se conceden no seu caso as sublicenzas, previo consentimento do propietario.

Organización do consorcio.

- Comité de dirección e de coordinación: se debe definir con exactitude as súas atribucións, composición, condicións operativas e as súas tarefas: definir, asignar e desenvolver tarefas, controlar o traballo das mesmas, coordinar os equipos de investigación, coordinar a presentación de informes, aconsellar e guiar aos socios, permitir intercambio formal de información.
- Supervisión dos traballos. É desexable definir un sistema de supervisión eficaz: reunións (entre unha mensual e unha cuatrimestral), informes técnicos e financeiros, reunións excepcionais en canto se sobrepasen os calendarios, etc.
- Revisión do acordo. Se debe prever a revisión dos procedementos en canto a: modificación das contribucións técnicas ou financeiras, o abandono de socios,

¹¹ O período de confidencialidade é moi amplo e pode ser igual ou exceder ao tempo de protección da patente.

¹² O principio é asegurar a copropiedade sistemática das invencións comúns, sen esquecer as cláusulas restritivas ás que se poden acoller os participantes, especialmente se o resultado é froito do traballo dun só participante.

¹³ Ás veces e co obxectivo de optimizar a efectividade da comercialización, se limita a liberdade das partes de acordo coa súa especialidade: división territorial, sectores de mercado, etc. Hai que ter coidado en que a aplicación destes acordos non interfira co libre comercio de bens na CEE (tratado de Roma)

¹⁴ Este tipo de cláusula limita os riscos de bloqueo dos resultados de aquelas compañías que non queren comercializar ou que non queren ver aos seus competidores utilizalos.

a aceptación de novos participantes e o cesamento do acordo despois da finalización do proxecto.

Disposicións financeiras:

- Plan financeiro: custo total, contribución individual, aportacións exteriores, gastos e presuposto anual.
- Modificacións. Prever posibles modificacións ao plan financeiro.
- Pagos mutuos. En determinados casos, diferentes partes poden chegar a realizar pagos comúns, polo que é aconsellable prever o procedemento máis axeitado.
- Auditorías de gastos¹⁵.

Disposicións xurídicas:

- Forma xurídica da cooperación: o acordo pode tomar diferentes formas legais: acordo, asociación, consorcio, EIG ou EEIG, *Joint Ventures*.
- Duración do contrato. Data de inicio e terminación do contrato, incluíndo a posibilidade de renovación ou cancelación de forma áxil e flexible, o abandono dun dos participantes, a admisión de novos participantes, a revisión das aportacións financeiras ou técnicas.
- Sancións: pagos ou indemnizacións fixas, pagos de interese, denuncia do contrato en casos graves.
- Lei aplicable: pode ser calquera¹⁶.

¹⁵ Cada participante debe detallar con claridade os seus gastos de: persoal, viaxes, equipos, etc. e debe existir a posibilidade de examinar ditos gastos a petición do comité de dirección ou de un dos socios. O acceso debe poder realizarse en calquera momento e incluso retroactivamente.

¹⁶ Calquera disputa que poda xurdir non é interesante para as diferentes partes, polo deterioro das relacións, mala publicidade e perda de tempo, polo que se pode recorrer en casos extremos a un arbitro externo independente para resolver os litixios.

13 LISTAXE ORIENTATIVA DOS CONTIDOS DOS DISTINTOS DOCUMENTOS PARA PECHAR O ACORDO DO CONSORCIO (Check List)

- ❖ Información Xeral (Identifica a cada parte no acordo -contratistas no contrato)
- ❖ Preámbulo (Asunto do acordo de consorcio)
- ❖ Asunto do contrato (Título do proxecto)
- ❖ Disposicións técnicas
 - Contribución técnica de cada participante (si no está suficientemente detallada en el Anexo I del contrato)
 - Recursos técnicos dispoñibles
 - Plan de produción (a título informativo)
 - Esforzos máximos
 - Procedemento de modificación
 - Disposicións para tratar con contratistas que non cumpren
- ❖ Disposicións comerciais
- ❖ Confidencialidade
- ❖ Propiedade dos resultados/propiedade conxunta dos resultados/casos difíciles (Coñecementos preexistentes tan próximos dos resultados que resulte difícil distinguir entre ambos)
- ❖ Protección xurídica dos resultados (dereitos de patente)
- ❖ Explotación comercial dos resultados e calquera dereito de acceso necesario
- ❖ Obrigación comercial
- ❖ Patentes relevantes, coñecementos e información
- ❖ Sublicenza
- ❖ Coñecementos preexistentes excluídos do contrato
- ❖ Disposicións sobre a organización
- ❖ Comités (de dirección, de xestión, técnico, IPR, financeiro)
- ❖ Coordinación de Comités
- ❖ Modificacións / revisións do acordo
- ❖ Disposicións financeiras
- ❖ Plan de financiamento
- ❖ Procedemento de modificación
- ❖ Pagos mutuos

- ❖ Auditoría do gasto
- ❖ Certificados de auditoría
- ❖ Como tratar coa responsabilidade financeira colectiva
- ❖ Disposicións para tratar con contratistas que non cumpren
- ❖ Recursos de terceiras partes (identificación de partes e recursos)
- ❖ Disposicións xurídicas
- ❖ Forma legal de cooperación
- ❖ Duración do acordo e duración do contrato coa entidade financiadora
- ❖ Multas por incumprimentos coas obrigas establecidas no acordo
- ❖ Lei aplicable e arreglo de disputas
- ❖ Destacamento de persoal
- ❖ ¿Qué facer se non todos os contratistas firman o contrato?

14 PROPOSTA DE FACTORES CRÍTICOS PARA DESENVOLVER UNHA ANÁLISE DE BENCHMARKING

Participación no mercado:

- En unidades.
- En valor monetario.

Rendibilidade:

- – Rendimento sobre vendas.
- – Rendimento sobre activos.
- – Rendimento sobre patrimonio.

Índices de crecemento do competidor:

- – Participación de mercado por segmento.

Materias primas:

- – Custo porcentual sobre vendas.
- – Custo unitario de compra.
- – Volume anual de compras.
- – Taxas de cambio.
- – Custos de fletes.
- – Calidade.

Rendibilidade (unidades producidas por unidade empregada).

Forza laboral directa:

- – Custe porcentual sobre vendas.
- – Gastos laborais distribuídos por departamento.
- – Remuneración por hora.
- – Promedio laboral horas por semana.
- – Horas extra.
- – Tarifa de horas extra.
- – Productividade por unidade (unidades producidas por persoa/hora).
- – Productividade por ingresos (ingreso por produto e persoa/hora).
- – Indicadores demográficos (edad, educación, etc.).

Forza laboral indirecta:

- – Custos globais como porcentaxe das vendas.
- – Custos laborais por función.
- – Administración da forza directa.

- – Niveis salariais.
- – Prestacións.
- – Taxas de cambio.
- – Productividade unitaria.
- – Indicadores demográficos.

Investigación e desenvolvemento:

- – Custos básicos I+D.
- – Tempo de desenvolvemento de novos produtos.
- – Melloras de produtos existentes.
- – Deseño para redución de custos.

Custos administrativos, de vendas e xerais:

- – Custo como porcentaxe das vendas.
- – Custos distribuídos por organización.
- – Niveis salariais.
- – Planes de bonificación.
- – Planes de prestacións.
- – Custos de capacitación como porcentaxe de vendas.
- – Custo de deudas incobrables como porcentaxe de vendas.

Custos de capital:

- – Rotación de activos globais.
- – Rotación de activos fixos.
- – Custos anuais de arrendamento.
- – Custos de mantemento.
- – Rotación de inventarios.
- – Idade das contas por pagar.
- – Custos de capital.

Características do produto:

- – Deseño, estilos.
- – Prezo estratexias de asignación de prezos.
- – Accesorios, garantías, respaldo de servizo.

Servizo:

- – Tipo e volume de queixa dos clientes.
- – Dispoñibilidade de asistencia.
- – Tempo de resposta.
- – Tempo promedio de reparacións.
- – Prontitude de entrega.

- – Calidade profesional do personal que contacta ao cliente.
- – Procesos de formulación de pedidos.

Calidade do produto:

- – Ritmo de produción.
- – Custos de reparacións.
- – Promedio de vida útil do produto.
- – Metodoloxía de calidade.Imaxe:
- – Recoñecemento público.
- – Penetración publicitaria.
- – Utilización de medios.
- – Investimento publicitario.
- – Actividade promocional.
- – Reacción dos clientes ao posicionamento de imaxe publicitaria.

Produción:

- – Decisións de compra ou de fabricación.
- – Niveis de especialización da planta.
- – Maquinaria utilizada na produción.
- – Niveis de capacitación da forza laboral.
- – Estrutura da área de traballo.
- – Niveles de automatización.

Distribución:

- – Canais.
- – Configuración territorial.
- – Distribución exclusiva ou doutra clase.

Forza de vendas:

- – Tamaño.
- – Nivel de experiencia.
- – Niveis de desempeño

Procesamento de datos:

- – Inverstimento en sistemas.
- – Tecnoloxía, aplicacións.

Recursos humanos:

- – Actividade de busca e contratación.
- – Políticas de remuneración.
- – Políticas de prestacións.
- – Actividades de capacitación.

- – Sistemas de recoñecementos.
- – Políticas non discriminatorias.
- – Programas de servizo á comunidade.
- – Políticas de comunicación.
- – Servizos de saúde e seguridade.

Finanzas:

- – Política financeira.
- – Percepción social.
- – Estratexias e políticas tributarias.
- – Política de endeudamento.
- – Políticas de distribución de dividendos.

Rúa Tomiño, nº 22 - Entlo.
15703 Santiago de Compostela
A CORUÑA

T 981.58.47.83

F 981.57.17.30

agaca@agaca.coop

<http://agaca.coop>

